



CARPETA DE NAIS E PAIS

Resumo do
Regulamento de Réxime Interior
da
EIM STA. CRISTINA
e do
Proxecto Educativo de Centro

CURSO 2019/2020



0- PRESENTACION

No meu nome e no de todos os profesionais que conforman a Escola, quero agradecervos a confianza que depositades en nós ao encomendarnos ás vosas fillas e fillos e darvos a benvida á Escola Infantil Municipal Santa Cristina de Lavadores.

Como xa sabedes, trátase dun Centro de Atención á Primeira Infancia dependente do Concello de Vigo que atende á poboación comprendida entre tres meses e tres anos, o que se corresponde có Primeiro Ciclo da Educación Infantil.

O nosa principal actividade é colaborar con vós no coidado e educación das vosas fillas e fillos tratando de desenrolar harmonicamente todas as súas capacidades.

Este documento que tendes nas vosas mans, é o resumo do Regulamento de Réxime Interior da nosa Escola e do Proxecto Educativo de Centro, os cales aceptades mediante a confirmación da praza da vosa filla ou fillo.

A Dirección e todo o Persoal da Escola Infantil Municipal Santa Cristina de Lavadores estamos a vosa disposición para todo aquilo que poidades necesitar e aclarar as dúbidas que vos podan xurdir.

Agardamos cumprir as vosas expectativas sobre esta etapa tan fermosa como é a educación infantil 0-3 anos, e que lembredes con agarimo o voso paso pola escola.



Adela Pintado
Directora

1.-IDEARIO DA ESCOLA

O Ideario da Escola é a nosa forma particular de entender e facer a Educación Infantil. Este ideario ven recollido e está desenrolado no noso Regulamento de Réxime Interior e no noso Proxecto Educativo de Centro, e a súa posta en práctica desenrólase na Programación Xeral Anual que se aproba a principios de cada curso no Consello Escolar.



Así pois, na nosa Escola plantexámonos os seguintes obxectivos para as nenas/os do Primeiro Ciclo de Educación Infantil e as súas familias:

- Promover o desenvolvemento das novas/os alumnas/os dende todos os ángulos: afectivo, social, cognitivo e motor.
- Favorecer o desenvolvemento das potencialidades coas que a nena/o nace.
- Adecuar as experiencias (xogos, actividades) e estímulos que @ nena/o recibe ao seu nivel de desenvolvemento.
- Intentar que a nena/o estableza unas relacións sociais coas educadoras e co resto das compañeiras/os que @ axuden a configurar a súa personalidade adulta.
- Potencia-la iniciativa, a imaxinación, autonomía e o espírito investigador da nena/o.
- Apoiar á familia no desenvolvemento de hábitos saudables de crianza.
- Inicia-lo camiño cara a autonomía persoal.
- Facilitar a correcta adaptación ao futuro escolar.

PERO O QUE MÁIS NOS INTERESA E QUE AS VOS@S FILL@S SE SINTAN BEN, NUN ESPAZO SEGURO E NUN AMBIENTE AFECTIVO, PARA QUE VEÑAN CONTENT@S E GOCEN PARTICIPANDO NAS ACTIVIDADES QUE LLES PROPOÑEMOS.

2.- DEREITOS E DEBERES DAS USUARIAS/OS

a) **DEREITOS:**

- O acceso ao centro das súas nais/pais/tutores legais e a recibir información sen discriminación por razón da súa nacionalidade, sexo, raza, relixión, lingua, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e a que se respecte a liberdade de conciencia, relixiosa, moral e ideolóxica da familia tanto do alumnado, coma das/os adultas/os, sempre que isto non vaia en detrimento da saúde e integridade da crianza.
- Á consideración no trato, tanto por parte do persoal do centro como das demais usuarias/os.
- Ao sixilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.
- Ao cumprimento de todas as normas de hixiene e seguridade no desenvolvemento das actividades educativas, así coma a cobertura dun seguro médico escolar.
- Á realización de saídas ao exterior, sempre que as crianzas vaian acompañados por unha persoa adulta responsable, e sempre con autorización escrita por parte das súas nais/pais/representantes legais.
- A recibir unha educación personalizada que lle facilite o seu desenvolvemento integral, e a súa integración sociofamiliar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- A ser informados (nais/pais ou titores legais) do desenvolvemento da nena/o e a pedir explicacións de canto afecte á súa educación.



- Á participación no funcionamento da escola, de acordo co que se establece no Regulamento de Réxime Interno, e asociarse, có fin de promover a participación e colaboración das nais/pais/titores legais, dun xeito activo na educación das crianzas, e así acadar os obxectivos educativos propostos.
- Á realización de visitas ás instalacións do centro e a solicitude de entrevistas persoais durante o curso, sen entorpecer o transcurso normal das actividades e nos horarios asignados a ese fin.

b) DEBERES:

- Cumprir as normas que establece o centro para o seu bo funcionamento, recollidas neste presente regulamento.
- Manter e observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Colaborar e participar na vida do centro có fin de conseguir os obxectivos educativos propostos.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que, por motivos de saúde ou malestar, sexa necesario que a crianza sexa recollida da escola.
- Respetar ás demais familias usuarias da escola.
- Entregar á dirección da escola, aqueles datos necesarios para a matriculación das súas crianzas.
- Informar, de ser o caso, de calquera enfermidade, alerxia ou intolerancia que poda ter a crianza, entregando un informe médico que o acredite.
- Traer ás crianzas aseadas/os, e vestidas/os adecuadamente.
- Manter unha actitude de respecto cara ao profesorado e demais persoal da escola.
- Chamar á escola cando a crianza estea enferma/o e non poda asistir, así como informar do tipo de enfermidade que padece, coa finalidade de previr e evitar contaxios.
- Informar de calquera alteración grave que poda xurdir na familia, coa finalidade de prestar axuda e apoio á nena/o.
- Cumprir cós horarios estipulados pola escola, con especial atención ás horas de entrada e saída.
- Achegar o material solicitado polas titoras de aula e/ou a dirección.
- Respetar as instalacións, mobiliario e material da escola.
- Utilizar os espazos da escola consonte os fins para os que se crearon e/ou foron destinados.

3.-CALENDARIO, HORARIOS E QUENDAS

A Escola con carácter xeral, dispón dun horario continuo de 7:30h a 20:00h dende o de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive. As nenas/os asistirán á Escola no horario elixido pola familia no momento de efectuar a matrícula. Asemade, eses horarios deberán manterse ao longo de todo o curso.



A escola pecha no mes de agosto por vacacións.

A escola permanecerá aberta de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así coma o **Día do Ensino** previsto no calendario oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e os días 24 e 31 de decembro.

Os períodos como o Nadal, o Entroido, a Semana Santa e a partir do 21 de xuño, son considerados períodos non lectivos. A Escola entrega unha enquisa ás familias xunto con toda a documentación do curso, para que podades confirmar se a vosa filla/o vai asistir ou non neses períodos, xa que deste xeito, podemos organizar o servizo de comedor e as vacacións do persoal con tempo. Nestes períodos non se levan a cabo Unidades Didácticas e se o número de alumnas/os o permite, se procede ao agrupamento de distintas idades consonte contempla a lexislación vixente.

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo para a preparación da programación, a escola pechará ás 19:00h os días que se aproben no Consello Escolar.

Poderán asistir á Escola na quenda de mañá, ou na quenda de tarde segundo a vosa elección, mais DEBEREDES RESPECTAR AS HORAS ESTABLECIDAS POLO CONCELLO PARA ENTRADAS E SAÍDAS de cara a non prexudicar o normal desenvolvemento das actividades da Escola.

Quenda da mañá:

Entradas: de 7:30h a 9:00h
Saídas: de 15:30h a 15:45h

Quenda de tarde:

Entradas: ás 16:00h
Saídas: de 19:45h a 20:00h

Outros aspectos a destacar:

- Non se admitirá a entrada de nenas/os que cheguen pasado eses horarios sen aviso telefónico previo e con motivo xustificado (no caso de citas médicas, deben entregar xustificante).
- En caso de ter que asistir a unha cita médica, estas deberán ser a primeira ou a última hora, para non interferir na rutina do menor.



- De 15:45h a 16:00h non poderá permanecer ningunha nena/o no centro, polo que non se atenderá á porta. Este tempo é destinado á recollida das aulas e limpeza.
- Os familiares das nenas/os deixarán ás cativas/os dentro do recibidor da Escola, encargaranse de quitarlle/poñerlle os abrigos e agardarán ata que o persoal da Escola recolla ás nenas/os para levalas/os ao seu respectivo aula. Á hora da recollida, serán as familias quenes accedan ata a porta da aula para recoller ás crianzas, tendo especial atención con non invadir o espazo onde se atopan as cativas/os e interferindo o mínimo posible no traballo da educadora.
- Non se permitirán modificacións dos horarios establecidos a principios de curso nin modificacións nos servizos solicitados (agás casos debidamente xustificadas por escrito e previa autorización do Departamento de Educación do Concello de Vigo).

TODAS ESTAS NORMAS TEÑEN COMO OBXECTIVO RESPECTAR A AS RUTINAS DA ESCOLA, A INTIMIDADE DAS VOSAS FILLAS E FILLOS E O TRABALLO DAS EDUCADORAS. ESPERAMOS QUE ASÍ O ENTENDEDES E AGRADECEMOS O ESFORZO QUE FACEDES POR COLABORAR COA BOA MARCHA DO CENTRO.

No momento das entradas e saídas podeades aproveitar para aclarar algunha dúbida, facer preguntas, ou informarse sobre algún aspecto concreto da vosa filla/o ou doutros asuntos relacionados coa Escola. Como sabemos que as veces ese tempo non é suficiente, sempre que queirades, podeades utiliza-lo servizo de titorías coa titora de aula, có Equipo de Atención Temperá ou coa Dirección.

Incumprimento horario: A Escola levará un rexistro de retrasos na entrega e recollida das nenas/os por escrito. Tras o primeiro aviso verbal, as vindeiras situacións de retraso, serán recollidas no impreso destinado a tal fin, e ao terceiro impreso cuberto pola mesma familia, informarase que non se recollerá á crianza o vindeiro día que se produza retraso. Estes impresos, serán remitidos ao Departamento de Educación para a súa resolución.

4- O PROCESO DE ADAPTACIÓN

O **luns día 29 de xullo ás 18:30h**, manteremos unha xuntanza para explicarvos o funcionamento da escola, entregarnos os impresos que debedes cumprimentar, repasaremos a documentación e o material persoal da vosa filla ou fillo que debedes achegar, e vos indicaremos como será o proceso de adaptación en cada caso particular, o cal xa vos adiantamos neste apartado.

O prazo para entregar todos os impresos cubertos e o material, rematará o mércores día 4 de setembro, o que é imprescindible para poder abrir o expediente da vosa filla ou fillo, sen o cal non poderá comezar a súa estadía con nós en setembro. Todo debe vir nunha bolsa grande có nome da nena/o, agás o material de



hixiene persoal, a muda e a entrevista inicial, que a entregaredes no mes de setembro.

O luns día 2 de setembro, a escola permanecerá pechada con motivo da limpeza e organización das aulas, así como para reunión do persoal.

O martes día 3 e o mércores día 4 de setembro, manteremos as entrevistas individuais coas familias de nova incorporación (no caso de que este tempo non sexa suficiente, poderán convocarse entrevistas individuais en días posteriores) para falar coa titora da vosa filla/o, é importante que non faltedes para poder aclarar con ela as últimas dúbidas e detalles antes de comezar a estadía con nós. O día 4, tamén programamos para as familias que renovades praza, un tempo para aclarar dúbidas coa titora correspondente.

O mércores día 4 celebraremos as Xornadas de Portas Abertas, nas que as educadoras terán preparadas unhas actividades para realizar con todas e todos (tanto alumnado de nova incorporación coma o que renova a súa praza), que comezará ás 10:00h e terá unha duración aproximada de hora e media (rematará ás 11:30h).

Estas xornadas fanse có obxectivo de ter un primeiro contacto con vós á volta das vacacións (para as familias que renovades praza) e como primeiro encontro coas familias de nova incorporación.

O xoves día 5 comezaremos oficialmente o novo curso, coa incorporación progresiva de todo o alumnado.

A continuación presentamos a proposta de adaptación para este curso escolar, elaborada conxuntamente entre a dirección da escola e o noso Equipo de Atención Temperá. Calquera aspecto que queirades comentar ou situacións persoais que impidan a realización da adaptación tal e como se vos presenta, debedes falar coa titora da vosa filla/o ou coa dirección.

★ AULA 1º MAÑÁ, crianzas nadas no ano 2019:

- Luns día 9, asistirán as 4 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:15 a 10:15 horas, e as 4 crianzas seguintes, en horario de 10:30 a 11:30h. Cada crianza estará acompañada dentro da aula pola nai, pai ou persoa de apego, que entrará descalza na aula (con calcetíns).
- Martes día 10, igual que o luns 9.
- Mércores 11, asistirán as 4 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:00 a 10:30 horas, e as 4 crianzas seguintes, en horario de 10:30 a 12:00h. Cada crianza estará acompañada dentro da aula pola nai, pai ou persoa de apego.
- Xoves 12, igual que o mércores.



- Venres 13, asistirán as 4 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:00 a 10:30 horas, e as 4 crianzas seguintes, en horario de 10:30 a 12:00h. Este día o familiar non entrará na aula, só se achegará á deixar e recoller á crianza, consonte lle indique a titora.
- Luns 16, igual que o venres.
- Martes 17, asistirán todas as crianzas matriculadas, entrando á hora solicitada, e sendo recollidas ás 11:00h.
- Mércores 18, igual que o martes.
- Xoves 19, as 4 primeiras crianzas da lista definitiva, ampliarán a estadía con comedor (a hora de recollida a criterio da educadora e das necesidades das crianzas), as 4 crianzas seguintes do listado, sairán ás 11:30h.
- Venres 20, todas as crianzas terán servizo de comedor e a hora de recollida será a criterio da educadora e das necesidades das crianzas.
- Para os días seguintes, a educadora vos indicará como ampliar o horario despois do xantar, ata que as crianzas fagan o seu horario completo.

★ AULA 2º MAÑÁ, crianzas nadas no ano 2018:

O venres día 6, comezarán as cativas/os que **renovan** do aula de 2º, có seguinte horario:

- Venres 6, entrada no horario solicitado (sempre que sexa a partir das 8:00h) e saída ás 11:45h. Sen servizo de comedor.
- Luns 9, igual que o venres.
- Martes 10, horario completo e con todos os servizos (almorzo e xantar).

As crianzas de **nova incorporación** realizarán a seguinte adaptación:

- Luns 9 , asistirán as 3 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:30 a 11:00h.
- Martes 10, asistirán todas as crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:30 a 11:00h.
- Mércores 11, todas as crianzas farán o horario de entrada solicitado e a saída será ás 11:45h.
- Xoves 12, igual que o mércores.
- Venres 13, as 3 primeiras crianzas da lista definitiva, ampliarán a estadía con comedor (a hora de recollida a criterio da educadora e das necesidades das crianzas), as 2 crianzas seguintes do listado, sairán ás 11:45h.



- Luns 16, todas as crianzas terán servizo de comedor e a hora de recollida será a criterio da educadora e das necesidades das crianzas.
- Para os días seguintes, a educadora vos indicará como ampliar o horario despois do xantar, ata que as crianzas fagan o seu horario completo.

★ AULA 3º MAÑÁ: crianzas nadas no ano 2017:

O xoves día 5, comezarán as cativas/os que **renovan** do aula de 3º, có seguinte horario:

- Xoves 5, entrada no horario solicitado (sempre que sexa a partir das 8:00h) e saída ás 12:45h. Sen servizo de comedor.
- Venres 6, igual que o xoves.
- Luns 10, horario completo e con todos os servizos (almorzo e xantar).

As crianzas de **nova incorporación** realizarán a seguinte adaptación:

- Luns 9 , asistirán as 2 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:45 a 11:45h.
- Martes 10, asistirán todas as crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 9:45 a 11:45 h.
- Mércores 11, todas as crianzas farán o horario de entrada solicitado e a saída será ás 12:45h.
- Xoves 12, igual que o mércores.
- Venres 13, as 2 primeiras crianzas da lista definitiva, ampliarán a estadia con comedor (a hora de recollida a criterio da educadora e das necesidades das crianzas), as 3 crianzas seguintes do listado, sairán ás 12:45h.
- Luns 16, todas as crianzas terán servizo de comedor e a hora de recollida será a criterio da educadora e das necesidades das crianzas.
- Para os días seguintes, a educadora vos indicará como ampliar o horario despois do xantar, ata que as crianzas fagan o seu horario completo.

★ AULA 0-3º TARDE:

O xoves día 5, comezarán as cativas/os que **renovan** praza, có seguinte horario:

- Xoves 5, de 16:00 a 17:30h. Sen servizo de comedor.



- Venres 6, igual que o xoves.
- Luns 10, horario completo e coa merenda.

As crianzas de **nova incorporación** realizarán a seguinte adaptación:

- Luns 9 , asistirán as 2 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 16:15 a 17:15h.
- Martes 10, asistirán todas as crianzas admitidas na lista definitiva, en horario de 16:15 a 17:15h.
- Mércores 11, igual que o martes.
- Xoves 12, asistirán as 2 primeiras crianzas admitidas na lista definitiva, horario de 16:15 a 18:15h con merenda, as 2 crianzas seguintes, en horario de 16:15 a 17:15h.
- Venres 13, todas as crianzas merendarán e farán o horario de 16:15 a 18:15h.
- Luns 16, farán o mesmo horario que o venres.
- Martes 13, a hora de entrada serán as 16:00h e a hora de saída será a criterio da educadora e das necesidades das crianzas.

5- TITORÍAS

As titorías son os tempos que cada educadora ten destinados a falar cós pais e nais das nenas/os da súa aula de forma individual, e sempre dentro da súa xornada laboral, podendo estar acompañada, se así o consideran necesario calquera das partes, do Equipo de Atención Temperá ou da Dirección da escola.

O seu obxectivo e informar ás familias sobre:

- A participación da nena/o na clase.
- A súa integración no grupo
- A vosa colaboración dende casa (seguimento do programa naqueles puntos no que a nena/o necesite máis axuda, explicación do programa, control de esfínteres., etc.).

En canto aos horarios de atención, unha vez aprobada a Programación Xeral Anual, serán postos en coñecemento das familias usuarias, á marxe de que por incompatibilidade horaria, podades establecer outro en función das vosas necesidades, para o cal deberedes poñervos en contacto coa Dirección da escola.

6.-COTAS



A Escola ten a obriga de pasar os recibos da cota que as familias tendes que aboar ao Concello de Vigo todos os meses, a excepción dos supostos recollidos na normativa para a adxudicación de prazas do presente curso, así coma o mes de xullo, sempre que as nenas/os que non vaian a asistir o comuniquen previamente, e por escrito, á Escola mediante o impreso destinado a tal efecto que lles será facilitado pola Dirección (entregalo antes do 25 de xuño).

7.-AGRUPAMENTO DE ALUMNOS

A escola conta con tres aulas para os seguintes niveis:

- Aula 1º: 8 nenas/os (en cada quenda, mañá e tarde)
- Aula 2º: 13 nenas/os (en cada quenda, mañá e tarde)
- Aula 3º: 17 nenas/os (en cada quenda, mañá e tarde)

Nos casos en que non exista matrícula suficiente para abrir as tres aulas, poderanse realizar os seguintes agrupamentos consonte o Decreto 329/2005:

- Aula 0-2: 10 nenas/os
- Aula 0-3: 15 nenas/os

Entre os meses de marzo e abril (e segundo o calendario que estableza o Concello de Vigo) procederase a efectua-lo proceso de reserva de praza para o próximo curso das/os alumnas/os das aulas 1º e 2º do Primeiro Ciclo de Educación Infantil.

As/os alumnas/os da aula de 3º terán que efectua-la súa matrícula no centro escolar que desexen segundo os períodos establecidos pola Consellería de Educación para o Segundo Ciclo da Educación Infantil.

8.-SERVIZO DE COMEDOR

Os obxectivos do servizo de comedor son os seguintes:

- Colaborar coas familias favorecendo unha alimentación equilibrada e uns hábitos axeitados a súa idade.
- Que a nena/o teña unha alimentación correcta e equilibrada por medio dos menús.
- Que adquira os hábitos axeitados para alimentarse de forma autónoma segundo a súa capacidade.
- Que adquira uns hábitos sociais axeitados en relación coa comida e o momento da mesma.



As nenas/os que solicitaron o servizo de comedor poderán almorzar, xantar ou merendar na Escola de acordo coa vosa elección no momento do proceso de matrícula. Unha vez comezado o curso non se poderán efectuar modificacións nos servizos solicitados agás por causas excepcionais que deberán ser comunicadas e debidamente xustificadas á Dirección da Escola por escrito, para proceder á súa valoración e posterior aprobación se así se considera oportuno.

O servizo de comedor darase nos seguintes horarios:

a) O almuerzo daráselle as nenas/os que teñan a entrada na escola de 7:30 a 8:00 da mañá. **NON SE DARÁ NINGÚN ALMORZO A PARTIR** das 8:00 horas, polo que as usuarias/os deberán ser puntuais na hora de entrada.

b) O horario do xantar é:

- Aula 1º: de 11:40 a 12:30 h.
- Aula 2º: de 11:40 a 12:40 h.
- Aula 3º: de 12:50 a 13:30 h.

c) O horario de merenda é:

- Aula 1º: de 16:50 a 17:30 h.
- Aula 2º: de 17:00 a 17:30 h.
- Aula 3º: de 17:40 a 18:10 h.

No caso de que a quenda de tarde non teña matrícula suficiente e se agrupe tal e como recolle a lexislación vixente, a merenda ofrecerase de 17:15 a 18:00 horas.

As dietas de calquera tipo que duren menos de tres días deberán ser comunicadas á escola por escrito, cubrindo a folla de rexistro que se atopa a vosa disposición no centro.

As dietas de calquera tipo que duren máis de tres días, deberán ser comunicadas e/ou autorizadas pola/o pediatra da cativa/o.

As alerxias e intolerancias de calquera tipo serán comunicadas a escola mediante informe médico acompañado, no caso de ser necesario, das medidas a ter en conta ou indicacións específicas.

Ao comezo do curso vos facilitaremos os menús do almuerzo, xantar e merenda establecido segundo as distintas idades, aínda que estes tamén serán expostos no taboleiro de anuncios da Escola. Na quenda da mañá, e consonte as idades das crianzas, ofreceráselles un petisco a media mañá, o cal estará exposto no recibidor da escola.

Para o presente curso as nenas/os lactantes (ata 1 ano de idade) que tomen biberón na Escola, deberán comunicar se toman o leite que teremos a disposición das cativas/os que será da marca "Nestlé" así coma os cereais, ou se prefiren traer da casa outra marca, neste caso, deberán achegar o bote sen abrir e con ticket de



compra. Para a progresiva introdución dos alimentos, as familias deberán entregar á Dirección da Escola a pauta que lles foi facilitada pola/o pediatra de cada nena/o. Namentres a familia non achegue a pauta de introdución dos alimentos, a súa filla/o non poderá realizar o servizo de comedor.

No caso de que a familia opte pola alimentación con leite materna, poderán achegala á escola sempre que se cumpran uns requisitos mínimos de seguridade alimentaria. Debe vir en envase térmico (neveira portátil ou portabiberón térmico) e preparado para quecer ao baño maría.

Os pais e nais de todas as nenas/os seredes informados diariamente das distintas comidas e posibles incidencias na alimentación das vosas fillas/os.

9.-EQUIPO DE ATENCIÓN TEMPERÁ (EAT)

A Escola conta cun gabinete psicopedagóxico que en colaboración coas educadoras levarán a cabo unha observación da evolución das nenas/os, colaborando na adaptación de materiais e programacións en función das necesidades.

Realizan boletíns de información trimestrais para as familias e ofrecen orientacións e suxestións de interese para as mesmas.

Anualmente realizaranse uns **Perfis de desenvolvemento** en colaboración coas educadoras. O obxectivo por un lado é a prevención (estudar o nivel de desenvolvemento acadado polas nenas/os) e por outro lado, a información (proporcionar unha pequena guía de actividades para que podades realizar coas vosas fillas/os).

Os resultados entregaranse nunha reunión a finais de curso na que se darán as correspondentes explicacións e aclaracións, mais se antes observamos algo preocupante xa vos avisariamos.

Sempre que queirades podedes consultar ao Equipo de Atención Temperá calquera cousa que vos preocupe ou calquera dúbida que teñades.

10.-ESCOLA DE FAMILIAS

Trimestralmente levaranse a cabo unhas charlas informativas para os pais, nais e familiares da nosa Escola. Serán ben a psicóloga/o do EAT, ou outro persoal especializado os encargados de levalas a cabo.



Para este curso 2018/2019 pasaranse unhas enquisas para saber as preferencias das familias, tanto nos temas a tratar como nos horarios mais axeitados.

Algunhas destas charlas, realizaránse a modo de charla-taller, con nais/pais e nenas/os no aula.

11.-PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

A nosa programación está adaptada a LOXSE (Lei Ordenación Xeral do Sistema Educativo) así como ó Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia o 23/06/2009.

-Comprende o desenvolvemento global da nena/o dende tódalas áreas: motora, afectiva e social.

-Cada grupo de idade ten unha programación anual, na que están presentes tódolos aspectos da vida do nena/o, dende festividades como o “Magosto”, ata as saídas ou actos tan sinxelos como lavarse as mans.

-Semanalmente cada grupo de idade realiza unha programación de actividades relacionadas cós obxectivos anuais do grupo.

-As nais e pais sodes parte importante na execución de actividades mediante a vosa participación en reunións, co boletín mensual, nas festas, nas saídas, etc. Dende a escola animámosvos a que participedes, sempre que podades nas actividades programadas.

12.-BOLETÍNS MENSUAIS

Creemos necesario que todo o que ocorre na Escola trascenda dela e se estenda ás familias. Dentro da Programación Anual estudaremos a necesidade de incorporar ou involucrar ás familias dunha maneira directa no traballo que as nenas/os realizan na escola, para que ao mesmo tempo poidades aprender e xogar cos vosas fillas/os; por iso cada mes enviaremosvos por mail un BOLETÍN onde explicamos os nosos obxectivos e actividades mensuais.

Ese boletín, estará exposto no taboleiro de anuncios do recibidor da escola para que podades consultar.

13.-AS UNIDADES DIDÁCTICAS



Mensualmente seleccionamos un tema ao que dedicamos toda a nosa atención e arredor do cal realízanse tódalas actividades: É unha forma de que a Escola viva situacións e actividades de forma conxunta. Estas unidades didácticas son elaboradas polas titoras de aula coa supervisión da dirección, e prográmanse fora do tempo de atención directa ás nenas/os. Non utilizamos material de editorial, facemos nós mesmas todos os materiais, estes sempre serán mais axustados ás necesidades das vosas nenas/os.

Dentro destas Unidades Didácticas atópanse o que chamamos “obradoiros”, que son actividades de carácter lúdico e que se caracterizan por ser dinámicas e motivadoras, así por exemplo realizaremos obradoiros do gusto (para probar produtos típicos dunha época do ano), de cociña (para facer produtos típicos como as orellas do Entroido), de manualidades (para manipular diferentes materiais), etc. As familias recibiredes información detallada das unidades didácticas e dos obradoiros, e tamén de como se pode colaborar neste tipo de actividades.

14.- AS FESTAS NA ESCOLA

Ao longo do curso celebraremos algunhas festas, como: o Magosto, o Nadal, o Día escolar da non violencia e da Paz, Entroido, Letras Galegas, Festa Fin de Curso e os aniversarios das cativas/os.

Por motivos de organización interna estas festas celebraranse en horario lectivo e só para as cativas/os da escola. No caso de que as circunstancias o permitan, algunha delas poderán celebraranse en colaboración coas familias, en horario de tarde, do cal se informará con antelación, **agás a celebración de Fin de Curso**, que sempre é en horario de tarde, polo que ese día non haberá clase nesa quenda.

A participación será libre e gratuíta. Para o mellor lucimento das celebracións, e unha vez sexan aprobadas no Consello Escolar en función dos resultados das enquisas iniciais, os días de festa as aulas permanecerán pechadas na quenda de tarde.

Os aniversarios das cativa/os celebraranse o día mais próximo á data, no caso de que non sexa posible a celebración no mesmo día. As educadoras realizarán actividades propias deste tipo de eventos: coroas, bailes, montar o inchable ... As familias poderedes colaborar achegando globos, música, gorriños de cartón, ... Non se poderá achegar nada de comer ou beber, as crianzas tomarán o menú previsto para ese día.

A Escola **NON PERMITE** o reparto de bolsas de lamberetadas (chuches) nas perchas ou mochilas das cativas/os, nin invitacións a festas privadas.



Todas as suxestións que teñades para as celebracións das festas serán ben acollidas e agradeceremos toda a colaboración que podades prestar.

15.-SAÍDAS

Queremos que as nosas alumnas/os teñan experiencias especiais, que adquiren seguridade, confianza e responsabilidade.

Por iso procurárase que as nenas/os de 3º teñan durante o curso algunha saída para visitar algún destes lugares: Biblioteca, Castrelos, á praia, etc.

Partiremos dun traballo previo na aula e cun traballo posterior para revivir e fixar esas experiencias. Unha destas saídas consistirá en pasar un día de convivencia na praia e/ou no monte. Tamén vos informaremos cando se achegue o momento.

No caso de que se manteña o programa “Vigo Educa” dependente do Concello de Vigo, solicitarase por parte desta escola dentro das posibilidades que nos ofrezan. No caso de que sexa concedido enviarase cumprida información.

Nas saídas podedes colaborar, falando as vosas fillas/os do que van ver e seguindo as indicacións das mestras (poñéndolles roupa cómoda, chegando á hora prevista...)

16. AS COUSAS QUE AS CRIANZAS DEBEN E NON DEBEN TRAER A ESCOLA

As nenas/os veñen á Escola a traballar, e tanto a súa roupa de traballo como o seu calzado ten que ser cómodo, flexible e adaptado as súas necesidades.

POR ISO RECOMENDAMOS QUE NA MEDIDA DO POSIBLE AS CRIANZAS UTILICEN CHÁNDAL E CALZADO CON VELCRO. Tamén é necesario que as nenas/os da aula de 3º xa non usen “bodi”, e no seu lugar traian camiseta e braga, ou calzón (na aula de 2º, a titora vos indicará cando será o momento de cambiar o bodi pola camiseta). Esta roupa non só facilita o traballo das educadoras (que non teñen que destinar tanto tempo a atar cordóns e poñer tirantes e poden facer outras actividades de maior interese) senón que posibilita a súa autonomía persoal e como consecuencia desenrola a súa autoestima.

UNHA NEN@ CON SAIAS, PETOS, CINTOS, TIRANTES, CORDÓNS... NON É CAPAZ DE REALIZAR A MAIOR PARTE DAS ACTIVIDADES QUE SE DESENROLAN NA ESCOLA AO LONGO DO DÍA. Por isto este tipo de roupa **NON** se debe traer á Escola.



Non está permitido que as nenas/os traian pulseiras, cadeas, aneis, moedas, pinzas pequenas no cabelo ou obxectos que podan supor certo perigo para elas/es e para as compañeiras/os. Aconsellamos que tampouco traian pendentes, pero quen decida traelos, deberá asegurarse de que estean ben apretados, xa que a escola non se fai responsable da perda dos mesmos.

Así mesmo, non se permite que traian xoguetes de casa, xa que a Escola ten os materiais necesarios para elas/es. Si poderán traer contos ou música que podan compartir cás súas compañeiras/os.

Os abrigos, chaquetas e cazadoras traerán unha cinta longa para poder colgalos no percheiro (sempre debaixo das mochilas) e toda a roupa e obxectos persoais das nenas/os deberán estar debidamente marcados co seu nome.

As mochilas permanecerán colgadas no percheiro, agás as que teñen rodas, que deberán depositalas no chan debaixo da percha que lles corresponda.

Ademais as nenas/os deberán traer á Escola un material de uso persoal que se solicita en folla entregada a parte.

As educadoras non se fan responsables das cousas que non teñan o nome da alumna/o, así como daquelas pertenzas que as familias deixen en espazos comúns (recibidor, apendre, ...). Se necesitan deixar algo de valor, deben falar con Dirección.

17.- COUSAS DA SAÚDE

A continuación vos transcribimos aquelas normas que sobre a saúde son recollidas no noso Regulamento de Réxime Interior e no noso Proxecto Educativo de Centro.

AS NENAS/OS DEBERÁN ACUDIR Á ESCOLA EN CONDICIÓNS CORRECTAS DE SAÚDE E HIXIENE (tendo especial atención coas unllas, que deben estar curtas e limpas).

Non serán admitidos na escola as nenas/os que padezan enfermidades infecciosas (cando teñan febre, diarrea, vómitos...) ou enfermidade contaxiosa (rubéola, varicela, sarampelo, parásitos...). Para os períodos de exclusión en caso de enfermidades, aterémonos á folla facilitada ás familias, na que se aconsellan os períodos mínimos de permanencia na casa, a non ser que a/o pediatra da cativa/o indique por escrito outra pauta.



Cando aparezan algún destes síntomas, ou se a criterio da súa educadora, **a nena/o que non está en condicións de permanecer na escola**, informarase ás familias para que recollan á cativa/o o antes posible e **non volverán a escola ata o seu total restablecemento**.

Debemos ser conscientes de que as nenas/os que veñen á escola en mal estado ou sen estar totalmente restablecidas/os, non só están poñendo en risco de contaxio ás súas compañeiras/os, senón que elas/es mesmos poden recaer, e incluso contaxiar ás educadoras, polo que agradecemos sexan sumamente sensibles con este aspecto, xa que tratándose de idades tan temperás, é probable que as nenas/os pasen períodos de enfermidade e inmunización contra diferentes virus.

A Escola, con carácter xeral, **NON ADMINISTRARÁ MEDICAMENTOS**. No caso de enfermidades crónicas ou alerxias alimentarias, a escola seguirá o protocolo do programa do 061, **Alerta Escolar**. Se a/o alumna/o necesita tomar algún tipo de medicamento as familias deberán facer o posible para que non lles coincidan as tomas dentro do seu horario de estadía. No caso de ser inevitable, PRESENTARÁN UN PAPEL DO PEDIATRA NO QUE SE INDIQUE O NOME DA CRIANZA, O NOME DO MEDICAMENTO, A PERIODICIDADE, A DOSE E O TEMPO DE DURACION DO TRATAMENTO, ASÍ COMO UN XUSTIFICANTE DA IMPOSIBILIDADE DE DARLLE Á CRIANZA A MEDICACIÓN NA CASA.

No caso de que a nena/o presente **quentura** dentro da escola (a partir de 37'5° na axila), a educadora avisará telefonicamente á nai/pai/titora ou titor legal, para informar da situación e a familia deberá recoller á nena/o á maior brevidade. Namentres chega a familia, procederase a espir á cativa/o e aplicar panos de auga fría, así como a hidratar oralmente. No caso de que a temperatura siga subindo, a escola chamará ao 061 para que nos indiquen como proceder. Consonte a folla de períodos de exclusión, deberán pasar 24 horas dende o descenso febril para que a crianza poda reincorporarse á escola.

Estas medidas teñen como obxectivo protexer aos vosas cativas/os de contaxios así como tratar de que as nenas/os que se atopan mal, podan estar na compañía de persoas que lles podan dar unha atención mais personalizada, xa que a súa educadora ten un grupo nenas/os que atender e non pode darlle tódolos cuidados que precisa.

As familias están obrigadas a comunicar á escola as faltas de asistencia das cativas/os dende o primeiro día de ausencia, sobretudo cando estas/es padecen algunha enfermidade infectocontaxiosa para que podamos dende a Escola facer prevención. Cando se produza a falta de asistencia á Escola por un período superior a 3 días, sen previo aviso, será a Escola quen se porá en contacto coa familia quedando reflexado no expediente como ausencia inxustificada.

No caso de que as cativas/os deban asistir a un servizo de urxencias cando volta á Escola deberán achegar o informe de asistencia no Centro de Saúde ou copia do



mesmo. Asemade, as familias deberán respectar os prazos establecidos polos facultativos de control domiciliario.

No caso de que as cativas/os reciban puntos de sutura ou aproximación, deberá permanecer no seu domicilio ata que a/o pediatra aconselle a súa volta á actividade cotiá da Escola Infantil por escrito, ou ata que xa non teña os puntos.

18.-ASPECTOS BASICOS DE ACCESO AO RECINTO

- Para acceder á escola deberedes timbrar no telefonillo que se atopa no muro da escola (a man dereita do portal verde) onde deberedes identificarvos verbalmente. No caso de que coincidades con outra familia, deberedes identificarvos igualmente aínda que lle abramos a porta á primeira familia que nos timbrou. Unha vez accedades ao patio da escola, deberedes deixar pechado o portal polo que entráchedes.
- Cando cheguedes á porta do edificio (a porta de cristal) agardaredes a que vos atendan, non fai falta que timbredes, seredes atendidos o antes posible, é probable que esteamos dando un recado a unha educadora ou preparando á vosa crianza.
- No caso de que veñades a traer á escola á vosa filla/o, no recibidor atoparedes os percheiros distribuídos por aulas, e á súa vez, cada colgador terá o nome dunha nena/o, deberedes axudar á vosa filla/o a quitar a chaqueta/abrigo e colgala no sitio correspondente, posteriormente, colgaredes a mochila e retiraredes dela o necesario para a súa estadía (bolsiña de tea no caso do aula de 1º, cueiros e/ou chupeta nos casos en que se use, ...). Agardaredes a que o persoal da Escola vos recolla á nena/o no recibidor, en ningún momento as familias ou as cativas/os sós, poderán acceder ao corredor.
- No caso de que a/o veñades buscar, se non vos coñecemos ou recoñecemos, deberedes amosar documento identificativo (tal e como consta nas normas da escola). Cando veñades recollela/o, en función da organización interna (se están as nenas/os pasando ao dormitorio, ou durmindo, ...) agardaredes fora ou pasaredes ao recibidor. Sempre que esteades no recibidor da escola, non debedes abrir a porta **a descoñecidos**, xa que diso encárgase o persoal da Escola.
- Ao saír do recibidor, debedes deixar pechada a porta de cristal. Cando cheguedes ao portal, tendes un pulsador a man esquerda, o cal tedes que pulsar á vez que tirades da porta. O portal tamén debe quedar pechado ao voso paso.
- As cativas/os e familias non poderán permanecer no recinto da escola fora do seu horario de estadía, por seguridade. Os xogos do patio son para uso exclusivo das nenas/os baixo a supervisión das educadoras. Só se poderán utilizar fora do horario lectivo nos casos que sexan aprobados previamente pola dirección da Escola (p.e. festas, actividades da ANPA, ...).



19.-PARA A VOSA TRANQUILIDADE

Se as nenas/os son recollidos por persoas distintas do pai ou nai, estas deberán estar debidamente identificadas, con nome e DNI na folia de autorizacións que a Escola destina a tal efecto, sendo requisito indispensable, que teñan a maioría de idade.

No momento de personarse na Escola, deberán identificarse mediante documento oficial (DNI, pasaporte ou carné de conducir).

DE NON SER ASÍ, NON SE ENTREGARÁ A NINGÚN NENO OU NENA ATA COMPROBAR A IDENTIDADE DA PERSOA COA SÚA NAI, PAI OU REPRESENTANTE LEGAL.

A Escola non se responsabiliza dos cocheciños ou cadeiras e demais obxectos que se deixan estacionados no alpendre da Escola. Se necesitan deixar algo de valor, deben falar con Dirección.

20.-PERSOAL DA EIM SANTA CRISTINA

A DIRECCIÓN, O EQUIPO EDUCATIVO E O PERSOAL DE SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA CRISTINA:

- **Cristina Campo**, titora 1ºM, de excedencia, substituída por **Fátima Castelo** ata a súa reincorporación,
- **Sandra López**, titora 2ºM,
- **Verónica Simóns**, titora 3ºM,
- **Olaia Fernández**, apoio mañá,
- **Rosa Vázquez**, titora 2ºT,
- **Obdulia Gil**, titora 3ºT,
- **Lidia Seijo**, apoio tarde,
- **Laura Fernández**, cociñeira,
- **Pilar Canabal**, limpadora,
- **Adela Pintado**, directora,
- **Equipo de Atención Temperá**: Gabinete ARCA.

**AGRADÉCEMOS A CONFIANZA QUE DEPOSITADES EN TODAS NÓS
AO CONFIARNOS A EDUCACIÓN DAS VOSAS CRIANZAS.**